

MOCIÓN PARA O CUMPRIMENTO DA NORMATIVA NAS PRAZAS DE APARCADOIRO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA E OUTRAS MEDIDAS URXENTES A ADOPTAR EN MATERIA DE MOBILIDADE



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non é a primeira vez que en materia de mobilidade nos vemos na obriga de advertir da necesidade de mudar de paradigma e adoptar medidas con urxencia. Desta volta, entre outras cuestións, vémonos na obriga de denunciar a ubicación de prazas de aparcadoiro para persoas con mobilidade reducida que nin cumpren a normativa nin se explican desde a aplicación dun mínimo sentido común ao establececérense ao carón dun poste (ver imaxe anexa).

Para alén de que estas prazas se fan previamente ás do ambulatorio, acordadas mediante acordo plenario xunto ao rebaixe das beirarrúas, incumpren a normativa¹ por partida tripla:

- polo seu incorrecto emprazamento;
- polas súas insuficiente dimensións;
- e pola súa sinalización deficiente.

É totalmente inexplicábel que se proceda deste xeito. Non é xa cuestión de obviar a normativa, senón de aplicar o sentido común. Exemplos de mala xestión que repercuten nos petos dos cidadáns e que se suman a moitos outros exemplos: como a multa da Consellaría de Industria de máis de 3.000€ que, amais, fixo perder a varios concellos unha subvención para normalización lingüística ou a multa por non ter os canchís adoptados á normativa vixente e que máis de medio ano despois seguía sen solucionarse.

A normativa

¹ <http://benestar.xunta.es/web/portal/normativa-relacionada-coa-accesibilidade>

Lembrámoslle ao Goberno que di a normativa vixente ao respecto para que poñan unha pronta solución a este despropósito.

A *Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galiza*² no seu artigo 8 di o seguinte:

Artigo 8. Aparcadoiros

1. En todas as zonas destinadas ao estacionamento de vehículos lixeiros, estean situadas en superficie ou subterráneas, que se sitúen en vías ou espazos de uso público reservaranse, con carácter permanente e tan cerca como sexa posible dos accesos peonís, prazas debidamente sinalizadas para vehículos que transporten persoas con mobilidade reducida; como mínimo, reservarase unha de cada corenta prazas ou fracción. O número total destas prazas non se verá afectado polas políticas restritivas do aparcadoiro que se leven a cabo para fomentar a mobilidade sustentable.
2. Os accesos peonís a estas prazas cumprirán as condicións exixidas para ser accesibles.
3. As prazas reservadas para o uso de persoas con mobilidade reducida deberán cumprir as especificacións e posuír as dimensións que se establezan regulamentariamente.

Con relación ao punto 1 do citado artigo resulta evidente que a ubicación debería ir enfronte, nos estacionamentos en batería, pois ficaría ao nivel e daría acceso ao servizo público da piscina e do parque.

Con relación ao punto 2 e 3, e aínda aceptando a súa incorrecta ubicación, habería que seguir o disposto no *Código de accesibilidade* publicano pola Consellaría de Benestar³. Dentro do *Código de accesibilidade*, no documento "Barreiras arquitectónicas urbanísticas", na epígrafe 1.3 de aparcadoiros recolle⁴:

- a.- comunicación cun itinerario peonil adaptado, salvando o desnivel coa beirarrúa, se existe, mediante un vao con pedente máxima do 12%
- b.- dimensión mínima: 3.00x4.50 m.
- c.- sinalizado mediante símbolo internacional de accesibilidade e a lenda "reservado para persoas con mobilidade reducida"

En relación coa epígrafe "a" incúmrese porque a beirarrúa continúa á mesma altura que estaba sen ter efectuado ningún rebaixe. Con respecto a dimensión mínima incúmrese porque só ten 2 metros de ancho. E, por último, no tocante ao sinalizado tamén se incumpe porque non aparece por ningures a lenda indicada. Difícil facelo peor.

O mesmo documento na aliña 1.4. establece ("sinais e elementos verticais") que deben estar a 2'10 metros de altura, estando no caso que nos ocupa a

² http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20141217/AnuncioC3B0-111214-0001_gl.html

³ <http://benestar.xunta.es/web/portal/codigo-de-accesibilidade>

⁴ http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Contidos_Estandar/B_arquitectonicas_urbanxsticas.pdf

menos, 1'60 para sermos exactos.

De por parte, o *Decreto 35/2000 que regula o desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas de Galiza* (actualmente vixente)⁵ establece no seu artigo 21 un articulado do seguinte teor:

Sección cuarta

Condicións de accesibilidade dos aparcamentos

Artigo 21º.-Reserva de prazas adaptadas.

1. Nas zonas destinadas ao estacionamento de vehículos lixeiros, sexan de superficie ou subterráneas, que se sitúen en vías ou espazos de uso público ou dean servizo a equipamentos comunitarios, reservaranse con carácter permanente e tan próximo como sexa posible dos accesos de peóns, prazas debidamente sinaladas para vehículos acreditados que transporten persoas en situación de mobilidade reducida.
2. As prazas adaptadas deberán ter un itinerario de peóns adaptado consonte o establecido no código de accesibilidade que posibilite a comunicación desde as mesmas ata a vía pública.
3. Estas prazas e o itinerario de acceso a elas sinalaranse co símbolo internacional de accesibilidade situado sobre o pavimento. Así mesmo, instalaranse sinais verticais co texto: «Praza reservada para persoas con mobilidade reducida».
4. Un aparcamento considérase adaptado cando reúne as condicións establecidas na base 1.3 do código de accesibilidade.

Entón, faise referencia no punto 4 a ese código de accesibilidade na súa base 1.3 que citamos anteriormente e que se incumpre no caso destas prazas. Nese mesmo documento de barreiras arquitectónicas do *Código de accesibilidade* encontramos moitas outras cousas que requirirían ser subsanadas, para o que abondaría en moitos casos un goberno con sentido común.

É posíbel entender, nalgúns casos, que sexa difícil ou imposíbel modificar aquilo que se fixo mal no seu momento, ora por motivos económicos, ora por motivos ideolóxicos. O que si esiximos, e temos obriga de facelo, é que o que se faga de novo cumpra, como mínimo, coa normativa:

- incúmprese a altura dos bordos que, nalgúns casos, chega aos 18 centímetros (caso da Avenida de Ourense, Avenida de Monforte de Lemos, rúa Ribeira Sacra, entre outras...)
- incúmprese o 1.1.1. de itinerarios peonís na incorporación de novos aparcamentos na praza de Santa Ana (agora puxeron maceteiros reducindo o espazo de paso a 1'05 metros);
- incúmprese este mesmo punto de itinerarios peonís diante do local da propia Policía local, con maceteiros na beirarrúa que fan inferior os pasos a 1'50 metros.
- incúmprese até o acceso ao propio concello.

5 http://www.xunta.es/dog/Publicados/2000/20000229/Anuncio4F72_gl.html

Por todo o exposto, consideramos urxente desenvolver as actuacións necesarias para cumprir coa normativa e, xa de paso, establecer marcos que garantan que isto non volva acontecer.

Desde Por Chantada-CUP apostamos por propor ao pleno o seguinte **ACORDO**:

1.- Crear unha Mesa de mobilidade conformada por persoas da sociedade civil competentes na materia que, entre outros cometidos e propostas que poda desenvolver, elabore unha proposta de ordenanza de accesibilidade, como xa teñen en tantos outros concellos.

2.- Impulsar a paulatina peonalización do casco antigo de Chantada, conforme ás recomendacións do PEP, comezando pola praza do Cantón.

E con carácter URXENTE:

3.- Cumprimento do acordo plenario, adoptado por unanimidade, da sesión ordinaria do 18 de xaneiro (pp. 44.47 da acta da sesión⁶) tamén no relativo aos puntos 3 e 4 do acordo.

4.- Cambio de ubicación do aparcadoiro para persoas con mobilidade reducida situado na rúa Serra do Faro (á altura da piscina municipal), permitindo que este sexa amplo para os vehículos adaptados, normalmente de maiores dimensións, cumprindo coa normativa e co sentido común para o que é imprescindible substituír os aparcamentos

6

1.- Facer unha declaración institucional en defensa da sanidade pública e para un servizo digno e universal en todos os niveis da sanidade pública. O concello de Chantada condena os recortes en sanidade e educación.

2.- Trasladar á Xunta de Galiza este acordo plenario, nomeadamente as seguintes demandas:

a.- Dotar dunha cobertura axeitada o servizo de pediatría no centro de saúde pública de Chantada, xa que non se están a cubrir dos días feriadados da titular ficando sen servizo e tendo que trasladarse pola súa conta os pais até Monforte de Lemos, onde o servizo tamén presenta deficiencias. De feito, desde este concello demandou por unanimidade (acordo plenario do 15 de setembro de 2015) que:

«O Concello de Chantada demanda da Xunta de Galiza que se cubra de xeito estábel a tempo completo a cuarta praza de pediatría no Hospital de Monforte».

b.- Dotar ao PAC de Chantada de unha equipa suficiente de persoal sanitario para as gardas, -dúas equipas de medica/o e enfermeira/o- para poder cumprir as isócronas que marca a lexislación. Tampouco é suficiente unha única ambulancia para un servizo de emerxencia que vai desde Chantada até os Peares (con isócronas de 1'5 horas co mínimo de 10 minutos de atención in situ), contra toda lóxica e racionalidade ao estar o centro de saúde de Coles a 15 minutos.

3.- Crear dúas prazas de aparcadoiro para persoas con mobilidade reducida na contorna do centro de saúde de Chantada.

4.- Rebaixar toda a beirarrúa diante do centro de saúde para mellorar a accesibilidade dos doentes trasladados en ambulancia, os que se desprazan en cadeiras de rodas e, en xeral, as xente maior ou con mobilidade reducida.”

en batería que for mester diante da piscina municipal por este aparcamento para persoas con mobilidade reducida.

5.- Eliminación dos maceteiros que exercen como barreiras e que incumpren a normativa vixente: praza Santa Ana, rúa Formoso Lamas, avenida de Ourense e rúa Mariano Cedrón.

6.- Substitución dos sinais verticais inferiores a 2'10 metros.

7.- Eliminación dos aparcadoiros irregulares da praza de Santa Ana, situados na altura da Fonda América, onde –como xa sinalamos no se día– se legalizou o aparcamento de vehículos que o facían irregularmente en vez de evitar que estes puidesen seguir, con total impunidade, ocupando o espazo peonil.

8.- Pór as medidas físicas necesarias na praza de Santa Ana que impidan a ocupación dos espazos peonís por parte dos vehículos, curruncho xunto á caixa Caixa Rural e xunto ao banco Caixabank.

ANEXO I: prazas de aparcadoiro que incumpren a normativa





ANEXO II: PRAZA DE SANTA ANA (1956-2016)

